



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior en protección de datos

CONVOCATORIA: Curso superior en protección de datos

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	118
-----------------------	----------------	--------------	----------	---------------	-----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
------------------------	-------------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1
-------------------------	----------------------------	-------------------	----------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 09/09/2025 - 09:00h ao 15/09/2025 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

O Curso superior en protección de datos pretende afondar no coñecemento desta materia, tanto desde unha perspectiva técnico-xurídica como desde unha perspectiva práctica, de xeito que poden destacarse como principais obxectivos do curso os seguintes:

- Concienciar o alumnado na relevancia e importancia do dereito fundamental á protección de datos persoais desde unha perspectiva normativa e práctica, dotándoo de coñecementos e boas prácticas para dar cumprimento aos principios e obrigas establecidas pola normativa vixente, respectar os dereitos das persoas interesadas polo tratamento dos seus datos persoais e xestionar adecuadamente posibles incidencias que poidan xurdir nas distintas fases do devandito tratamento.
- Abordar os principios básicos de seguridade e as medidas que cómpre implantar nos sistemas de información desde a perspectiva do risco e en base ao disposto no Regulamento xeral de protección de datos (RXPd) e no Esquema Nacional de Seguridade (ENS).
- Proporcionar ao alumnado unha visión global da protección de datos persoais, das funcións e responsabilidades correspondentes aos diferentes roles que interveñen no tratamento dos datos persoais e do papel que desenvolven as autoridades de control como a Axencia Española de Protección de Datos.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilado da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional que se encadren nalguna das seguintes categorías:

- Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderá acceder o persoal empregado público das ditas categorías, en situación de servizo activo ou asimilado, da Administración local, das universidades do Sistema Universitario de Galicia e da Administración de xustiza.

Para o mellor aproveitamento do curso recoméndase que as persoas participantes conten con algún coñecemento previo da materia.

PROGRAMA

Este curso superior abordará os seguintes contidos:

- Marco normativo. Principios da protección de datos e roles.
- Os dereitos da cidadanía respecto ao tratamento dos seus datos persoais polas administracións públicas.
- As administracións públicas como responsables do tratamento. Regulación da relación co encargado do tratamento. Medidas de seguridade.
- Outras medidas de responsabilidade proactiva. Códigos tipo. Certificacións. Transferencias internacionais de datos. Vídeovixilancia. Publicación de datos persoais e transparencia.
- A garantía dos dereitos dixitais na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD). Especial referencia ao dereito ao esquecemento en procuras da internet fronte aos motores de busca e dereito á intimidade ante a utilización de sistemas de xeolocalización no ámbito laboral.
- As autoridades de supervisión. O Comité Europeo de Protección de Datos. O réxime sancionador no RXPd.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo co indicado na base cuarta da convocatoria DOG desta actividade respecto das persoas destinatarias. A orde de selección virá determinada pola data e a hora de inscrición.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e criterios de admisión e selección establecidos nas bases cuarta e oitava da convocatoria.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e, despois, seleccionar en «nome do curso»: Curso superior en protección de datos.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 24/09/2025 a 16/12/2025

NUM. PRAZAS: 70

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 16/12/2025 ás 16:00h

DOCENTES NOMEADOS

GUSTAVO HERVA IGLESIAS

Elena DAVARA FDEZ DE MARCOS

Laura Davara Fernandez de Marcos

VICTOR ALBERTO SALGADO SEGUIN

Pintos & Salgado Abogados, S.C.

MARCOS MARIA JUDEL MELENDREZ

ROMAN ARIAS FRAIZ

José Leandro Núñez García

André Castelo Pichel

ANA PAULA DURÁN PAZÓ

JORGE PRADO CASAL

FRANCISO CJAVIER SEMPERE SAMANIEGO

Alicia Piña Pérez

JOSE LUIS COLOM PLANAS

Fernando Suárez Lorenzo

María López Barral

DIEGO ESTEVEZ GARCÍA

Adrián Palma Ortigosa

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 24 de setembro de 16:30 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sala telepresenza: O día 08 de outubro de 16:00 a 19:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 01 de outubro de 16:00 a 19:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: Os días 16, 22 e 29 de outubro de 16:00 a 19:00. Os días 04, 11, 13, 17, 19 e 27 de novembro de 16:00 a 19:00. Os días 03, 04 e 10 de decembro de 16:00 a 19:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>